

# A prosa



Manuel de Paderna

Ti xa sabes que MANUEL MARÍA é un poeta de moita sona, pero non só escribiu poesía. Xa leche un anaquiño dun texto do seu libro *A tribo ten catro ríos*. Neste libro fálase de Manuel de Paderna, o Alguacil; el é o que fai os mandados e cos seus versos é quen de facer nacer os regatos. Grazas a el as xentes de Outeiro de Rei contan co Regato do Cepelo:

*O Alguacil que había no Concello era Manuel de Paderna. Paderna fixo agromar un regato, inventaba versos, falaba cos paxaros, coñecía as propiedades curativas das herbas, sabíase guiar polas estrelas, pola Lúa, e polo Sol e nunca usaba reloxo. Ollando para o ceo xa sabía que hora era.*



*Paderna andaba moi triste e disgustado porque don Capitón mandara cegar a Fonte da Picha na que bebían as andoriñas; mandara derrubar o quiosco da música desde o que o propio Paderna, dicía os seus versos para os ventos, para os paxaros e para os veciños, que son os últimos en comprendelos.*

**1** Capitón, que era o Alcalde do pobo, mandara desfacer o quiosco e a fonte. A palabra desfacer significa o contrario que facer porque o prefixo *des-* dalle ese significado contrario. Propoñémosche unha actividade de invención: tes que inventar palabras que comecen por *des* e explicar o seu significado.

Descanón: é un artefacto capaz de acabar coas guerras.

\_\_\_\_\_ : \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_ : \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_ : \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_ : \_\_\_\_\_

**2** Iremos escoller dúas palabras deste texto HERBAS e MÚSICA e ti tes agora que inventar unha historia (pode ser de medo, fantástica, de risa...) con estas dúas palabras. Non te esquezas: ten que ter inicio, nó (a parte central), e desenlace (o final). Veña, mans á obra!

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

## Unidade 6

**3** Que pasaría se.....?

... foses capaz de falar cos paxaros?

---

---

---

... a túa avoa fose capaz de facer agromar unha fonte?

---

---

---

... desaparecese o diñeiro?

---

---

---

... o profesorado só poidese poñer boas notas?

---

---

---

**4** Neste mapa de Galiza, sitúa a Terra Cha e pega aí unha foto de Manuel María, debuxa o río Miño e sinala o lugar onde ti vives.

